

## GRUPO MUNICIPAL

LUÍS REI NUÑEZ, portavoz do Grupo Municipal de MAREA PONTEVEDRA, presenta a seguinte **PROPOSICIÓN**, ao abeiro do artigo 104 do Regulamento do Pleno, solicitando que o Pleno do Concello de Pontevedra inste á Xunta de Goberno a presentar unha PROPOSTA DE REFORMA DO “REGULAMENTO DE USO E VERTEDEURAS Á REDE MUNICIPAL DE SANEAMENTO” QUE CONTEMPLE UNHA REDUCIÓN SIGNIFICATIVA DA DISTANCIA A PARTIR DA CAL SE OBRIGA AOS VECIÑOS A CONDUCIR AS SÚAS AUGAS AO SUMIDOIRO (ACTUALMENTE DE 100 METROS).

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Son numerosos os veciños de diferentes parroquias aos que nos últimos meses lles chegou unha carta certificada do Concello de Pontevedra obrigándoos a conectar a súa vivenda á rede de sumidoiros, coa ameaza de seren sancionados se non o facían.

En moitos casos, trátase de vivendas en lugares onde outros veciños puideron conectarse ao saneamento hai anos e co pagamento dunha cantidade media de 500 euros.

Agora, para apremar aos que non quedaron servidos (moitas veces contra a súa vontade) invócase o artigo 31 do “Regulamento de uso e verteduras á rede municipal de saneamento” (publicado no BOP de 10 de maio de 2007). Ese artigo impón a conexión e no seu apartado 2 di:

“A obriga establecida neste artigo só será esixible cando na vía pública á que teña fachada a parcela edificada exista sumidoiro público ou cando o houbese a unha distancia inferior a 100 metros”.

Con exencións contadas (soamente se é preciso atravesar unha estrada nacional, o trazado ferroviario ou un río), quérese obrigar aos veciños a conectarse (aínda que dispoñan de fosas sépticas) e a facelo correndo co custo das obras correspondentes en camiños ou pistas públicos (enténdese que as precisas no interior das propiedades si deben correr sempre pola súa conta).

Á marxe da aparición de dificultades orográficas (a necesidade dun motor de bombeo encarecería o custo aínda máis), o gasto medio desas obras está sendo na actualidade de 100 euros/metro, o que leva a que alguén coa fachada da súa casa a 95 metros dunha arqueta deba pagar ata 10.000 euros.


Co ánimo de reparar esta inxustiza de trato, e para tranquilidade dos veciños afectados, o Grupo Municipal de Marea Pontevedra presenta a seguinte

### PROPOSICIÓN NORMATIVA

1- Instar ao Grupo de Goberno do Concello a elaborar unha reforma do **Regulamento de uso e verteduras á rede municipal de saneamento de Pontevedra**.

2- Instar a que no texto resultante se modifique expresamente o artigo 31º apartado 2. Onde di: "A obriga establecida neste artigo só será esixible cando na vía pública á que teña fachada a parcela edificada exista sumidoiro público ou cando o houberse a **unha distancia inferior a 100 metros**", propoñemos que reduza a distancia nunha proporción significativa que faga menos gravosa a obriga establecida nel para os veciños afectados e lle evite os agravios comparativos.

Pontevedra, 12 de xaneiro de 2017



Luís Rei Núñez

Portavoz do Grupo Municipal de Marea Pontevedra